



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mediante resolución do 1 de febreiro de 2000 deléganse competencias en determinados órganos Universitarios. No apartado i) desta resolución delegase no Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións, entre outros asuntos, a xestión, coordinación e aprobación do PDA dos centros, e do POD dos departamentos universitarios, así como a coordinación dos procesos de elaboración modificación e implantación dos planos de estudos na Universidade

Por outra parte o artigo 114 das Normas de Xestión Académica sinalan que todos os asuntos que non están delegados en centros ou Unidades Administrativas deberán ser tramitados ó Rectorado ó través do Servizo de Alumnado.

Tendo en conta que nestes momentos estase introducindo na nova aplicación informática (AXA) a información relativa tanto ós planos de estudos como a súa execución (planos, materias, táboas de adaptación, etc.) e mais aquela que fai referencia á oferta de estudos de primeiro e segundo ciclo, e que esta información debe ser concordante coa que figura no VOAT tanto en PDA como en POD, é necesario dictar unha resolución que impida que esta información poida ser manipulada por persoas ou unidades administrativas alleas á aquela que ten a responsabilidade de facelo posibilitando deste xeito o control desta información, cousa que no ocorre nestes momentos. Por todo o indicado

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Corresponde ó Servizo de Alumnado a actualización e mantemento da información académica dos planos de estudos das titulacións oficiais que deberá soportar a Aplicación de Xestión Académica (AXA) ou calquera outra.

**SEGUNDO.-** Os Servizos Informáticos da USC deberán establecer os controles e cautelas de seguridade necesarias para que ningunha persoa, allea ó Servizo de Alumnado, poida manipular ou modificar a información relacionada coa xestión dos planos de estudo e a oferta de estudos de primeiro e segundo ciclo existente en AXA ou nas aplicacións que teñan que soportar esta información.

**TERCEIRO.-** Calquera modificación ou actualización da información que haxa que realizar na aplicación de xestión académica deberá ser notificada ó Servizo de Alumnado para que proceda á súa realización (Alta/modificación/baixa de planos, materias, cuadrimestres, restrinccións de matrícula, condicións de titulación, táboas de adaptación etc.) . Asemade o Servizo de Alumnado deberá informar ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións respecto das modificacións que se realicen.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2001

O RECTOR

(P.D. r.r. do 10 de setembro de 2001)

VICERECTOR DE ASUNTOS ECONÓMICOS



MANUEL CASTRO COTÓN

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións; Sr. Secretario Xeral; Srs. Decanos e Directores de Centro; Sra. Xerente; Sres. Vicexerentes; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sr. Director do Sein; Sra. Xefa do Servizo de Alumnado Sra. Xefa do Servizo de Planificación e Programación docente e de Persoal docente e investigador ; Srs. Xefes das Unidades de Xestión Académica ; Sr. Director do Coie.